

## **RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA CELEBRADA O MÉRCORES DÍA 27 DE MAIO DE 2015, ENTRE AS 10 E AS 12.15 HORAS.**

Asisten o Xefe Territorial, Secretario, Asesor Xurídico e representantes de CIG, CCOO, STEG, FETE-UXT, CSIF e ANPE. Desculpa inasistencia o Inspector Xefe, que ten reunión a esta mesma hora e día en Compostela. A **Orde do Día** foi a seguinte:

1. Lectura e aprobación das actas anteriores de 17 de decembro, 4 e 25 de febreiro, 25 de marzo e 30 de abril.
2. Temas pendentes xuntanzas anteriores.
  - 2.1. Estado obras. Deficiencias CEIP Rubiáns - Vilagarcía. Xestións realizadas.
  - 2.2. Solicitud de datos actualizados nova FPB: solicitudes presentadas, alumnado que quedou sen praza.
  - 2.3. Convocatoria do Comité de Seguridade e Saúde Laboral: data prevista
  - 2.4. Incumprimento do compromiso de flexibilidade nas programacións.
  - 2.5. Expediente IES Johan Carballeira.
  - 2.6. Optativa Tecnoloxía industrial.
  - 2.7. Reclamacións do alumnado, aclaración sobre o protocolo: cualificacións...
  - 2.8. CIFP A Xunqueira. Implantación FP dual CM Dependencia.
  - 2.9. Regulamento promoción alumnado de FPB no caso de non superar os módulos comúns.
  - 2.10. Actuación da administración educativa nas situacións conflictivas acontecidas no CEE Panxón.
3. Negociación adxudicación destinos provisional.
4. Solicitud de información sobre escolas unitarias da provincia de Pontevedra.
  - 4.1. EEI de Bamio.
  - 4.2. Outras.
5. Vaise converter o IES Politécnico de Vigo en CIFP?
6. Solicitud de folla de servizos por internet. Non están completas nin visadas. Problemas para a admisión a efectos de cálculo da xubilación. Necesidade de que se cree un código de verificación.
7. Repercusións organizativas nos centros do novo bacharelato LOMCE.
8. Rolda de intervencións.

### **1. Lectura e aprobación das actas anteriores de 17 de decembro, 4 e 25 de febreiro, 25 de marzo e 30 de abril**

Fánselle diversos matices e correccións a varias das actas pendentes por parte de CIG, ANPE e STEG, ficando aprobadas por fin as de 17.12.2014, 4.2.2015, 25.2.2015 e 25.3.2015.

Déixase pendente para a vindeira xuntanza a aprobación da acta da xuntanza do 30 de abril de 2015.

Faise constar en acta o comunicado emitido pola Xunta de Persoal Docente, co 93% de respaldo dos seus integrantes (CIG, STEG, CCOO, FETE-UXT e CSIF), rexeitando a proba de avaliación diagnóstica ou "reválida" de 3º de Primaria implantada pola LOMCE e chamando

á comunidade educativa a expresar ese mesmo rexeitamento.

## **2. Temas pendentes xuntanzas anteriores.**

### **2.1. Estado obras. Deficiencias CEIP Rubiáns-Vilagarcía. Xestións realizadas.**

O XT sinala que o ata agora presidente da Deputación de Pontevedra prometeulle á ANPA de Rubiáns asumir o custe das obras de reparación do ximnasio dese colexio e que o Concello tomou un acordo plenario sobre o particular, mais o cambio político que se vai previsibelmente producir tanto na Deputación como no concello de Vilagarcía non permiten saber se esas promesas ou compromisos se van manter ou non. O XT está a piques de recibir o estudo técnico sobre como resolver esas deficiencias e reitera que, unha vez o teña no seu poder, convocará as partes (comunidade educativa do Colexio e concello de Vilagarcía) para establecer un cronograma de actuacións.

### **2.2. Solicitud de datos actualizados nova FPB.**

O XT achega datos concretos. De 4.000 vacantes ofertadas en toda Galiza só se cubriron finalmente 2.300. Na provincia de Pontevedra creáronse 18 ciclos e ofertáronse 1.320 prazas, se ben o XT declara non pode indicar neste momento cantas delas ficaron sen cubrir. STEG intervén para sinalar que se cumpren infelizmente os prognósticos feitos no seu día relativos a que a nova FPB básica nin sequera iría absorber a mesma porcentaxe de alumnado que escolarizaban os antigos PCPIs. O XT recoñece que a nova FPB básica non está resultando atractiva para o alumnado e que haberá que estudar o tema para corrixir esa dinámica.

### **2.3. Convocatoria do Comité de Seguridade e Saúde Laboral: data prevista.**

En breve será convocado (arredor do 17 de xuño, prevese) e estase formalizando a orde do día para que a reunión sexa verdadeiramente útil e produtiva.

### **2.4. Incumprimento do compromiso de flexibilidade nas programacións.**

Pregúntaselle ao XT cando vai saír o decreto de avaliación de Primaria e cando se lle vai enviar aos centros o prometido modelo orientativo para as programacións que sobre Ciencias Naturais de 3º de Primaria quedaron de elaborar a Inspección e o CEFORE.

Canto ao primeiro aspecto, o XT resposta que calcula que sairá a comezos de Xuño.

Canto ao segundo, informa da decisión do seu gabinete de non enviar finalmente ese modelo prometido. Cada centro deberá facer as súas programacións e, se hai dúbidas, que se consulte á Inspección. A consellaría vai colgar no seu web un modelo xeral, con indicación dos diversos apartados dos que debe constar necesariamente unha programación.

CIG, STEG e ANPE interveñen para sinalar que a XT comete un grave erro non achegando ese modelo prometido e avisan de que, dado o retraso que leva a publicación no DOG dos currículos de secundaria e bacharelato, é de prever un comezo de curso onde se reproduzan os mesmos problemas sobre as programacións que se deron neste curso en Primaria. Cando Inspección anunciou que se elaboraría ese modelo, na xuntanza da Xunta de Persoal co Xefe Territorial do mes de decembro de 2014, todas as OO.SS. saudaron

como positiva a medida e só determinados e moi concretos inspectores se negaron a acatar, na práctica, o compromiso de flexibilidade no tema das programacións de Primaria acadado na propia xuntanza aludida. Foron eses inspectores os que, coa súa actitude, provocaron conflitos e tensións desnecesarias en varios centros da provincia. STEG insiste en que non resulta correcto nin positivo que a resposta da Xefatura Territorial e da Xefatura de Inspección ás xustificadas queixas sobre esa actitude dalgúns inspectores sexa negar a axuda prometida en forma de modelo a todos os centros da provincia. CCOO e FETE súmanse á queixa expresada polos outros sindicatos antecitados.

### **2.5. Expediente IES Johan Carballeira.**

FETE quere retomar esta cuestión, pois ten noticias de que a profesora, apartada cautelarmente da docencia, será finalmente sancionada con dous meses de sanción sen soldo e lle parece que neste caso está habendo un claro caso de acoso á profesora. Indica que a demanda contra ela presentada na Garda Civil xa foi desestimada polo xuíz e que a alumna denunciante, de 25 anos, ten manifestado de xeito reiterado unha actitude de verdadeiro acoso contra esta docente, que leva 30 anos exercendo sen o máis mínimo problema en todos os centros polos que pasou.

Hai noticia, ademais, doutro expediente sancionador contra un profesor, con sanción de 9 meses, e pédeselle ao XT que informe deste caso nunha vindeira xuntanza.

### **2.6. Optativa Tecnoloxía industrial.**

CSIF pregunta se se vai xeralizar esta optativa e o XT resposta que non pode. Cada centro verá se a pode ofertar ou non e se hai logo demanda suficiente por parte do alumnado.

### **2.7. Reclamacións do alumnado, aclaración sobre o protocolo: cualificacións...**

CSIF pregunta por este asunto e o XT remite para os DOGAs e ordes correspondentes. Non obstante, sinala que onde maior número de reclamacións se producen, con diferenza, é en 2º de Bacharelato e reitera o seu consello de que nas programacións figuren ben claros os criterios de avaliación.

### **2.8. CIFP A Xunqueira. Implantación FP dual CM Dependencia.**

A día de hoxe non hai novidades sobre este tema, di o XT. Insiste ademais, diante da preocupación amosada por CCOO, na idea de que ningunha empresa en situación de ERE ou que queira dar de baixa traballadores para contratar alumnado de FP Básica vai ser beneficiada coa sinatura dun convenio de FP Básica por parte da Consellaría e sinala que existen mecanismos de control suficientes para que este tipo de casos non se produzan. CIG intervén para sinalar que o propio Departamento en cuestión non avala en absoluto a petición feita pola Dirección do centro e, de feito, ese Depto. solicitou xa unha entrevista co Director Xeral de FP para abordar o asunto.

### **2.9. Regulamento promoción alumnado de FPB no caso de non superar os módulos comúns.**

CCOO preguntara por este tema na anterior xuntanza e o XT indica agora que a Consellaría ten pensado sacar en breve instrucións para este caso concreto.

## **2.10. Actuación da administración educativa nas situacións conflitivas acontecidas no CEE Panxón e no CEE Príncipe Felipe.**

ANPE sinala que o ditame do Consello Consultivo critica con dureza a actuación da Inspección educativa e que mesmo rebate as conclusións desta a respecto dun conflito vivido recentemente no CEE Panxón entre alumnos, e o XT replica que ese conflito se deu fóra do horario lectivo e que se tomaron todas as medidas oportunas, de xeito que considera que funcionaron perfectamente todos os protocolos.

## **3. Negociación adxudicación destinos provisional.**

O XT indica que non é posíbel tratar este punto hoxe, pois falta o Inspector Xefe e aínda se está recabando información dos centros. Propón mediados de xuño como data de referencia para tratar este tema das vacantes para o CADP. A Xunta de Persoal indícalle a data do mércores 17 de xuño ás 10 horas como cita dunha xuntanza que tería este punto como único na orde do día.

## **4. Solicitude información sobre escolas unitarias da provincia de Pontevedra.**

### **4.1 EEI de Bamio**

### **4.2 Outras.**

O XT sinala que non hai nada decidido a día de hoxe. Nos próximos día vai haber reunión do Gabinete da Consellaría e aí fixaranse os criterios a aplicar. De momento, o único centro que se vai pechar é un concertado de Poio, con 4 docentes para 17 alumnos (dependente de A Fundación, de Abanca).

## **5. Vaise converter o IES Politécnico de Vigo en CIFP?**

O XT contesta que rotundamente NON, pois resultaría imposible neste intre recolocar o alumnado da ESO que atende ese centro.

## **6. Solicitude folla de servizos por internet. Non están completas nin visadas. Problemas para a admisión a efectos de cálculo da xubilación. Necesidade de que se cree un código de verificación.**

O Xefe Territorial considera que o modelo que se facilita por internet ten suficientes garantías e indica ademais que se nalgún caso houber discrepancias entre a información que se facilita por ese medio e a folla de servizos real dun funcionario/a, este/a sempre ten o recurso de reclamar por escrito a oportuna corrección da súa folla de servizos.

## **7. Repercusións organizativas nos centros do novo bacharelato LOMCE.**

O XT sinala que de momento non hai ningunha previsión ao respecto.

## **8. Rolda de intervencións.**

ANPE formula un caso dunha excursión de fin de curso que está contemplada na programación mais que vai ser obxecto de debate nun consello escolar que se celebrará oito días antes do comezo da propia excursión. O XT sinala que se está contemplada na programación o normal é que vaia adiante.

CIG pregunta se o CEIP de Coirón-Dena vai poder seguir mantendo o horario que tivo neste curso e o XT responde que, sempre que sexa legal, si.

STEG formula unha pregunta sobre o que está a acontecer coas substitucións no IES Politécnico de Vigo dunha materia de "Mecanizado e mantemento de máquinas" (591211),

pois xa son varias as persoas chamadas desde febreiro ata hoxe para esa substitución que renuncian practicamente nada máis incorporarse ao centro. O XT promete investigar o que acontece.

CSIF transmite ofrecimento do Departamento de Automoción do IES de Vilalonga para optimizar recursos humanos no centro.

FETE-UXT coloca o problema que está habendo no IES de Teis coas baixas de dúas limpadoras. Non enviaron substitución para elas e é un centro moi masificado e de uso continuo. O XT compormétese a axilizar o tema.

FETE-UXT pregunta polo proxecto de substitución dos cursos de Diversificación polos novos cursos de Mellora e sinala o problema de que o alumnado que se acolla a eses novos plans teña que facer un 4º de ESO "normal", reválida incluída, se quere titular...

Non habendo máis asuntos que tratar, levantouse a sesión.

A vindeira xuntanza da Permanente da Xunta de Persoal co Xefe Territorial de Pontevedra márcase, en principio, para o mércores 17 de xuño ás 10 horas, cun punto único na orde do día: negociación das vacantes para a Adxudicación Provisional de Destinos.

# STEG